

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 4 DE MARZO DE 2024

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00011103V. **Aprobación de actas de sesións anteriores.**

Acórdase aprobar a acta correspondente ás sesións de Xunta de Goberno Local Extraordinaria e urxente de data 22 de febreiro de 2024, ordinaria de data 26 de febreiro de 2024 e extraordinaria e urxente de data 28 de febreiro de 2024.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00032939F.

Adxudicación do contrato do Servizo de inspección, mantemento, limpeza e traballos auxiliares das pistas deportivas exteriores de acceso libre do Concello de Santiago a ACEINSA MOVILIDADE, SA, por importe de 241.835,56 € Sen IVE.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto o *Servizo de inspección, mantemento, limpeza e traballos auxiliares das pistas deportivas exteriores de acceso libre do Concello de Santiago a ACEINSA MOVILIDAD S.A*, que presenta unha proposición económica de 275.880,00 €, IVE engadido (base imponible: 228.000,00 €, IVE do 21%: 47.880,00 €).

Segundo: Reaxustar, autorizar e comprometer un gasto por importe de 275.880,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 070 34200 2120000 coa seguinte desagregación por anualidades:

Anualidade	Importe
2024 (9 meses)	206.910,00 €
2025 (3 meses)	68.970,00 €
TOTAL	275.880,00 €

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00008355Q.

Toma de razón do cambio de denominación social de AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, SAU a CLECE FS, SAU, contrato de prestación do Servizo de mantemento das instalacións eléctricas dos edificios municipais do Concello de Santiago de Compostela entenderanse con CLECE FS, SAU

Acórdase:

Primeiro.- Tomar razón do cambio de denominación social de AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, SAU a CLECE FS, SAU, de tal xeito que toda clase de dereitos e obrigas pendentes e futuras que vinculen a sociedade con este Concello relativas ao contrato de prestación do Servizo de mantemento das instalacións eléctricas dos edificios municipais do Concello de Santiago de Compostela entenderanse con CLECE FS, SAU e domicilio social en Quintanavides 19, edificio 4, 1ª planta, 28050, de Madrid.

Segundo.- A entidade CLECE FS SAU, deberá constituír unha fianza definitiva por importe de 21.237,61 € para responder da prestación do “Servizo de mantemento das instalacións eléctricas dos edificios municipais do Concello de Santiago de Compostela”.

Terceiro.- Unha vez conste constituída a fianza por CLECE FS, SAU. procederase a

tramitación do expediente de cancelación do aval por importe de 21.237,61 € constituído por AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, SAU.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00008355Q.

Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa CLECE, S.A. para responder do contrato de “Servizo de mantemento das instalacións eléctricas dos edificios municipais do Concello de Santiago de Compostela CON/69/2020 2022/8355Q CON2021000045”.

Acórdase autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa CLECE, S.A., por importe de 21.237,61 € (Avalista: Atradius Crédito y Caución S.A. de Seguros y Reaseguros) para responder do contrato de “Servizo de mantemento das instalacións eléctricas dos edificios municipais do Concello de Santiago de Compostela CON/69/2020 2022/8355Q CON2021000045”.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00000446X.

Autorización da cancelación do Seguro de Caución en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, para responder do contrato de “Execución da obras de pavimentación de vías públicas municipais nos núcleos de Garabal, Barral e Pereiras (San Miguel dos Agros) POS-2012” Expte. CON/30/2012.

Acórdase autorizar a cancelación do Seguro de Caución en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, por importe de 4.482,83 euros (Avalista: AFIGAL SGR.) para responder do contrato de “Execución da obras de pavimentación de vías públicas municipais nos núcleos de Garabal, Barral e Pereiras (San Miguel dos Agros) POS-2012”.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00010300L.

Desestimación de recurso de reposición presentado polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia contra os pregos do contrato do servizo de Dirección Facultativa das obras de “Rehabilitación integral do Pavillón municipal de Vite”, cofinanciado polo Plan de Transformación, Recuperación e Resiliencia e polo PIREP”

Acórdase:

Primeiro. Non anular as cláusulas ás que fan referencia no recurso porque tanto no PCAP coma no PPT estase a respectar o disposto nos artigos 12.3 e 13.2 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación respecto das titulacións esixidas para os profesionais que se deben adscribir ao contrato.

Segundo. Desestimar o recurso de reposición interposto polo Colexio de enxeñeiros de camiños, canles e portos contra os pregos da contratación do Servizo de Dirección Facultativa das obras de “Rehabilitación integral do Pavillón municipal de Vite” tendo en conta que a titulación de enxeñeiros de camiños, canles e pontes ou equivalente está incluída dentro das titulacións esixidas para o persoal que se solicita que se adscriba ao contrato.

7. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2023/00049363D.

Adxudicación das hortas municipais de Cotaredo

Acórdase:

Primeiro. Outorgar, de conformidade co disposto na Ordenanza reguladora do uso das hortas municipais e de outorgamento das súas autorizacións de uso, a autorización para o uso das hortas urbanas municipais do parque do Cotaredo a 39 persoas.

Segundo: Aprobar a lista de agarda da autorización para o uso das hortas urbanas municipais do parque do Cotaredo (Fontiñas).

8. ATESTADOS. Referencia: **2022/00006985A.**

Prórroga do convenio de colaboración asinado con Decathlon para a realización de actividades de formación en materia de seguridade viaria.]

Acórdase prorrogar por un ano o convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e DECATHLON ESPAÑA, SA para o desenvolvemento de actividades formativas no ámbito da seguridade viaria e a prevención de accidentes no relativo ao manexo e condución de bicicletas.

9. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2023/00049603L.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 456/2023 CA1 procedemento por imposición de sanción por exceso de velocidade.]

Resolución: Sentenza nº 17/2024

Procedemento: Abreviado 456/2023 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1

Obxecto: Contra Decreto do 1.09.2023 que desestima recurso de reposición interposto contra sanción por exceso de velocidade por unha contía de 400 euros.

A sentenza é favorable aos intereses municipais pois desestima o recurso.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Mobilidade e Seguridade Cidadá para os efectos do seu coñecemento.

10. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2023/00051155F.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 459/2021 CA1 contra desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos en vehículo por desprazamento de contedor.]

Resolución: sentenza nº 160/2023

Procedemento: procedemento Abreviado 459/2021do Xulgado Contencioso administrativo nº 1

Obxecto: contra desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos en vehículo por desprazamento de contedor. Contía reclamada: 511,84 euros.

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais, xa que estima o recurso e recoñece o dereito da actora a ser indemnizada. Contra dita sentenza non cabe recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento de Vicesecretaría para os efectos da súa execución.

11. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2024/00006590N.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 259/2021 CA1 relativo á desestimación por silencio de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos en vehículo por fochanca.]

Resolución: sentenza 10/2024 do 19.01.2024

Procedemento: procedemento Abreviado 259/2021 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1

Obxecto: desestimación por silencio de reclamación de responsabilidade patrimonial

por danos en vehículo por fochanca. Contía reclamada: 667,82 euros.
A sentenza é parcialmente favorable aos intereses municipais, pois á vista das probas practicadas estima o recurso no 50% da cantidade reclamada xunto cos intereses legais dende a data da reclamación. Contra dita sentenza non cabe interpoñer recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento Vicesecretaría para os efectos da súa execución.

12. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00001714N.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 14/2024 CA2. Contra Decreto do 37.10.2023 que desestima solicitude de rectificación de autoliquidacións correspondentes ao IIVTNU. |

Resolución: sentenza nº 32/2024

Procedemento: abreviado 14/2024 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2

Obxecto: contra Decreto do 37.10.2023 que desestima solicitude de rectificación de autoliquidacións correspondentes ao IIVTNU recaída en expediente 2022/12025G por unha contía de 5.749 euros

A sentenza é favorable aos intereses municipais. Contra a sentenza non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Xestión Tributaria para os efectos do seu coñecemento.

13. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00009444Z.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 210/2021 CA1. Sanción por incumprimento da obriga de levar máscara. |

Resolución: sentenza nº 15/2024

Procedemento: Abreviado 210/2021 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1

Obxecto: Sanción por incumprimento da obriga de levar máscara por unha contía de 300 euros.

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais. Contra a sentenza non cabe recurso algún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento de Mobilidade e Seguridade Cidadá para os efectos da súa execución.

14. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00011057V.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no procedemento SSS 741/2023 Social 6 A Coruña sobre reclamación de diferencias de prestación por incapacidade temporal. |

Resolución: sentenza 37/2024, de 29 de xaneiro, do Xulgado Social nº 6 da Coruña

Procedemento: SSS 741/2023

Obxecto: reclamación das diferencias de prestación por incapacidade temporal entre o subgrupo C1, nivel 20 e o subgrupo A2, nivel 22

SENTIDO DA RESOLUCIÓN

En tanto o Concello non leve a cabo as actuacións indicadas pola sentenza –ordenar as funcións propias e impedir as superiores-, o resultado xudicial seguirá sendo desfavorable para as arcas municipais

PROCEDENCIA OU NON DO RECURSO

Ao fío do indicado, ao non interperse recurso extraordinario de suplicación, a sentenza deveu firme consonte ao indicado na dilixencia de ordenación de 22.02.2024.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Persoal para os efectos da súa execución.

15. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: **2024/00011103V**.

Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas.

URXENCIAS

16. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: **2023/00050599A**.

Aprobar a modificación do acordo de data 22 de xaneiro de 2024 da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela sobre a participación do Concello de Santiago de Compostela no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) Pos+2024 da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024.

Acórdase

Primeiro.- Aprobar a modificación do acordo de data 22 de xaneiro de 2024 da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela sobre a participación do Concello de Santiago de Compostela no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios acordada na sesión da Xunta de Goberno Local realizada o 22/01/2024, aplicando a achega provincial para a contratación dunha persoa con titulación de grao/diplomado en terapia ocupacional prevista na tipoloxía de gasto corrente c) (Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outra) á tipoloxía a) (Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios). Este cambio non afecta ao total de contía a solicitar, nin á achega municipal, que continúan sen variacións.

Segundo.- Aprobar a solicitude á Deputación Provincial da Coruña da aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais polo importe de cento vintecatro mil oitocentos catro euros con trinta e catro céntimos (124.804,34.-€) se destinará ao financiamento das seguintes prestacións:

- a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais




CONCELLO DE SANTIAGO

extraordinarios, cun importe de 23.876,50€ para a contratación dun grao/diplomado en terapia ocupacional, cun custo de 23.876,50€.

b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social polo importe de 927,84€.


c) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar, por un importe total de 100.000,00€ para o mantemento do Servizo Municipal de atención a emerxencias sociais (SEMUS Social), a través do establecemento dun Convenio coa Cruz Vermella por un importe de 100.000,00€, entendendo “emerxencia social”, como aquela situación favorecedora de estados de vulnerabilidade e desprotección nas persoas que a sofren, que precisa dunha resposta inmediata para paliar, na medida do posible, os efectos dunha situación imprevista e sobrevida, proporcionando respostas sociais que eviten o desenvolvemento de estados de desprotección. Estas situacións acontecen con frecuencia cando os servizos sociais municipais non están operativos (noites, fins de semana), mais cómpre realizar unha intervención con urxencia. E tamén dentro destas situacións de emerxencia social se contempla a atención a persoas sen fogar, o que implica o reforzo da atención de rúa que se presta, cunha ampliación das rutas nocturnas que permitan acceder aos lugares da cidade onde se poidan detectar persoas sen teito. Búscase avaliar e facer un seguimento da súa situación, desenvolvendo estratexias de achegamento e comunicación, e na medida do posible favorecendo a elaboración por parte dos servizos sociais municipais de proxectos de intervención que contribúan á súa normalización, facilitando un aloxamento estable, recursos de subsistencia e o desenvolvemento de habilidades sociais e persoais.

O cadro resume de acordo co Anexo facilitado pola Deputación de A Coruña, é o seguinte:



CONCELLO DE SANTIAGO

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.	23.876,50 €	0,00 €	23.876,50 €	23.876,50 €	0,00 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	1.072.000,00€	0,00 €	1.072.000,00€	927,84 €	1.071.072,16€
c) Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia.			0,00 €		0,00 €



CONCELLO DE SANTIAGO

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.					
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	100.000,00 €	0,00 €	100.000,00 €	100.000,00 €	0,00 €
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.			0,00 €		0,00 €
g) Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES <i>Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación</i>	1.195.876,50€	0,00 €	1.195.876,50€	124.804,34 €	1.071.072,16€
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas,			0,00 €		0,00 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
GASTO CORRENTE cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.					
j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	1.195.876,50€	0,00 €	1.195.876,50€	124.804,34 €	1.071.072,16€

17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00045813D.

Orde de continuidade do *servizo de conservación, reparación e pequena reforma de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela*.
Acórdase: |

Primeiro.- Aprobar a orde de continuidade á empresa ESPINA Y DELFÍN S.L na prestación do servizo de conservación, reparación e pequena reforma de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela

Segundo.- Dar conta desta resolución aos Servizos Económicos e de Contratación.

Terceiro.- Notificar esta acordo á empresa ESPINA Y DELFÍN S.L. |